

Bases do concurso de deseño téxtil Cantabile

Primeira. Obxecto da convocatoria

A Asociación Musical e Cultural Cantabile presenta esta convocatoria co obxectivo de crear un deseño para as novas camisetas e suadoiros do Coro, en que quede representada a súa imaxe, para o que terá que aparecer obrigatoriamente no anverso o logo do Coro e no reverso o lema *Cambiando o mundo nota a nota*.

Segundo. Características técnicas do deseño

O deseño realizarase a unha tinta. As propostas terán liberdade á hora de escoller cores, tanto para a prenda como para a serigrafía.

A proposta presentada será única, é dicir, a mesma tanto para camisetas como para suadoiros.

Os debuxos, deseños e tipografías deberán realizarse en formatos que permitan a transferencia da información á empresa que subministrará as prendas, e dicir, descrición de cores, escalas, debuxos orixinais...

Terceiro. Categorías e premio

Só se determinará un deseño como gañador. Porén, como medida de fomento da participación, haberá dúas propostas premiadas.

categoría a). para participantes menores de quince anos a 31 de decembro de 2018 (nados a partir do 1 de xaneiro de 2004)

categoría b). resto de participantes.

Cada proposta premiada recibirá, gratis, un suadoiro co deseño gañador.

Cuarta. Requisitos para participar

Poderá participar no concurso calquera coralista que estea ao corrente no pagamento da súa cota do ano 2018, así como calquera precoralista ou ex-coralista.

A participación poderá realizarse a modo individual ou colectiva. En caso de participación colectiva, e contar con membros con rangos de idade das dúas categorías a) e b), so poderán optar ao premio da categoría b), e o premio será o mesmo que se se participar de xeito individual.

Quinto. Xurado

Todas as propostas serán valoradas por un xurado formado polos membros da directiva da Sección Xuvenil: Luisa Marcos Pacheco, Miguel Nó Gómez, Cristina García López e Lucía Cernadas Varela, presidido por esta última en calidade de vicepresidenta da asociación e presidenta da Sección Xuvenil. Participará, como secretario, o secretario da Xunta Directiva, Santiago Vázquez, con voz pero sen voto.

Sexto. Forma, lugar e prazos de presentación de candidaturas

As propostas presentaranse en dous sobres pechados.

Un conterà a proposta técnica. Para manter o anonimato das propostas, no anverso figurará o lema ou pseudónimo co que o/a candidato/a opta ao premio. Non figurará ningún dato que amose a autoría da proposta.

O outro conterà o nome e apelidos da/o candidata/o. No anverso figurará o mesmo lema.

Presentaranse no local do Coro, na rúa Santo Tomás, 30 baixo.

O prazo para a presentación de candidaturas comezará o 18 de novembro de 2018, é dicir, o día seguinte do envío do aviso aos grupos de whatsapp do Coro, e rematará ás 11:30 horas do 1 de decembro de 2018. Nese mesmo aviso especificarase a data concreta e a hora de remate do prazo.

Séptimo. Criterios de valoración para a concesión do premio.

O xurado realizará a valoración das propostas en dúas fases.

Na primeira fase, o único criterio, que será eliminatorio, será a posibilidade de produción, xa que é básico que se poida producir industrialmente.

Só accederán á segunda fase as propostas que superasen a primeira. Estas propostas valoraranse segundo os seguintes criterios:

Innovación e creatividade: 35 puntos. Valorarase especialmente a orixinalidade e a calidade da proposta.

Presentación e xustificación: 15 puntos. Valorarase especialmente a presentación da proposta e a facilidade de comprensión da idea mediante a presentación de imaxes en cor, fotografías, recreacións 3D e a xustificación e explicación por escrito da proposta.

Oitavo. Actuación do xurado

O xurado poderá unificar as dúas fases da candidatura nun único acto. Redactará acta o secretario de todas as reunións do xurado.

O xurado elevará a súa proposta á Xunta Directiva. O seu dictame é vinculante para a Xunta.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserta unha categoría ou ambas.

Novena. Proclamación de premios

As propostas premiadas serán publicadas na web do Coro Cantabile e nas súas redes sociais.

Décima. Aceptación das condicións da convocatoria

A participación nesta convocatoria supón a aceptación da totalidade das súas condicións por parte das candidaturas.

A Xunta Directiva, por propia iniciativa ou a proposta do xurado, resérvase o dereito de resolver calquera eventualidade non especificada nestas bases.

O xurado queda facultado para interpretar calquera contido das presentes bases.

A candidata gañadora admite que a súa proposta sexa sometida ás variacións necesarias para poder levar a cabo a produción final da prenda. A Xunta Directiva comprométese a que as variacións sexan as mínimas imprescindibles, sempre respectando a esencia da proposta.

A Coruña, 24 de outubro de 2018